



MEMORIA XUSTIFICATIVA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE SANXENXO PARA MELLORA DA MOBILIDADE NA CONTORNA DA NOVA PRAZA DE ABASTOS

1. Antecedentes

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias da rede, tamén os peóns que as transitan, unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

2. Razóns de necesidade e oportunidade

A praza de abastos do concello de Sanxenxo atópase nun punto moi próximo á travesía da estrada PO-308, punto conflitivo en canto á circulación viaria pola confluencia dos sentidos de circulación que dan acceso aos provedores do mercado, así como tamén o tráfico que sae dende o núcleo urbano. O proxecto de soterrar o tráfico en 100 metros lineais fronte ao novo edificio da praza de abastos evitarán os problemas de conxestión e inseguridade viaria que se producen nese punto. Dende o paso inferior daríase ademais entrada ao aparcamento do novo edificio do mercado.

Coas obras proxectadas reducirase o espazo urbano destinado á circulación de vehículos coa rexeneración do espazo público, obxectivos perseguidos polo Plan de Seguridade Viaria 2022-2025, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia de 28 de abril de 2022.. Eliminarase o tráfico en superficie nun punto de grande afluencia de persoas, para crear un espazo de calidade urbana, sen vehículos transitando por el, é dicir, unha nova praza fronte ao novo mercado.



3.- Impacto económico

O custe total da actuación estímase en estímase en dous millóns trescentos catorce mil seiscentos vinte e tres con vinte e tres céntimos (2.314.623,23 €), IVE incluído.

A Axencia Galega de Infraestruturas cofinanciará as obras ata un importe máximo **dun millón de euros (1.000.000,00)** con cargo a partida orzamentaria 09.A1.512B.760.0, código de proxecto 2023-00007 dos seus orzamentos para o ano 2023.

O resto do importe correrá a cargo do concello de Sanxenxo.

4.- Carácter non contractual

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Sanxenxo e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.

5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

6.- Xustificación da concesión da subvención

Esta actuación xa fora prevista na Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

